


A INTELIXENCIA ARTIFICIAL XERATIVA NA PRÁCTICA ACADÉMICA

MANUEL CAEIRO RODRÍGUEZ (EDITOR)

A Intelixencia Artificial Xerativa na práctica académica

Manual para un uso crítico, ético e responsable



SINOPSIS

Este libro ofrece ao profesorado unha guía clara, rigorosa e eminentemente práctica para comprender e integrar a intelixencia artificial xerativa (IAX) na súa actividade docente. Nun contexto no que esta tecnoloxía xa forma parte do ecosistema académico, pois a IAX non é unha moda pasaxeira nin unha simple ferramenta de automatización, senón un cambio profundo e persistente, este manual pretende contribuír a que o profesorado pase da incerteza inicial a un uso consciente, crítico e pedagoxicamente fundamentado da IAX.

A presenza da IAX nas aulas obriga a repensar os roles do profesorado e do estudantado nos procesos de ensino-aprendizaxe. A obra diríxese principalmente ao profesorado universitario, pero resultará de interese para o profesorado en xeral pola súa capacidade para explicar como funciona a IAX sen requirir coñecementos técnicos avanzados. Deste xeito, docentes de calquera área e nivel educativo poden comprender con claridade as posibilidades e límites reais da IAX. Sobre esta base, o texto ofrece orientacións concretas sobre como empregar a IAX no deseño de actividades, na creación de materiais docentes, na titoría do estudantado e, de maneira destacada, nos procesos de avaliación, abordando un dos ámbitos que máis preocupación xera actualmente.

Un obxectivo central do libro é contribuír a que tanto o profesorado como o estudantado desenvolvan un uso crítico, ético e responsable da IAX. Co obxectivo de evitar un uso superficial, irreflexivo ou irresponsable destas ferramentas, a obra propón criterios, principios e boas prácticas que axudan a empregar a tecnoloxía como apoio á aprendizaxe, fomentando o pensamento crítico, a reflexión e a autonomía do alumnado, e evitando prácticas fraudulentas ou usos que empobrecen a aprendizaxe.

En conxunto, esta obra convértese nun recurso de apoio fundamental para o profesorado que desexe actualizar a súa práctica docente, integrar a IAX de forma responsable, repensar metodoloxías e procesos de avaliación, e aproveitar con criterio e seguridade o seu potencial para mel...



Editorial	UNIVERSIDADE DE VIGO
Materia	MANUAIS ,LIBROS TECNICOS
Colección	MONOGRAFÍAS. SERIE CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA
EAN	9788411880961
Status	Novedad. Próxima aparición
Encuadernación	Tapa blanda
Páginas	172
Tamaño	240x170x10 mm.
Peso	375
Precio (Imp. inc.)	10,00€
Idioma	Galego
Fecha de lanzamiento	27/03/2026

Títulos relacionados